

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DOS CUSTES DE SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL (ata o 31.12.2022) PARA O NOMEAMENTO DUN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A NA CATEGORÍA DE TÉCNICO DE PROXECTOS E FINANCIACIÓN EUROPEA (Subgrupo A1) NO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 6-2022, por un importe total de 37.746,99 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas dos custes de salarios e seguridade social (ata o 31.12.2022) para o nomeamento dun/unha funcionario/a interino/a na categoría de técnico de proxectos e financiación europea (Subgrupo A1) no Servizo de Desenvolvemento Local.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 548/2022 de día 31.03.2022, así como RCMOD núm: 23579/2022 de día 01.04.2022, por importe total de 37.746.99 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 37.746,99 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24100.22799	37.746,99 €	24100.14300 24100.16000	28.770,57 € 8.976,42 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>37.746,99 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>37.746,99 €</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac8766076829727453304.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 6-2022 Desenvolvemento Local. Téc.proxectos

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.